



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

CENTRO: IES DE FOZ


CURSO:2021-2022

MATERIA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

DEPARTAMENTO: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

DATA: ABRIL 2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.



1. Criterios sobre a avaliación e cualificación	
1º Avaliación 2º Avaliación 3º Avaliación	<p>Cálculo da nota da 1º avaliación e procedemento de recuperación da 1º avaliación:</p> <p>Seguiranse os criterios de avaliación e cualificación reflictidos na programación didáctica do departamento de Lingua castelá e literatura entregada a principio de curso.</p>
	<p>Cálculo da nota da 2º avaliación e procedemento de recuperación da 2º avaliación:</p> <p>Seguiranse os criterios de avaliación e cualificación reflictidos na programación didáctica do departamento de Lingua castelá e literatura entregada a principio de curso.</p>
	<p>Cálculo da nota da 3º avaliación e procedemento de recuperación da 3º avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Farase un único exame na 3ª avaliación debido a que non haberá periodos lectivos suficientes para impartir a materia requerida para dous exames. - Seguiranse os criterios de avaliación e cualificación reflictidos na programación didáctica do departamento de Lingua castelá e literatura, entregada a principio de curso.
Cualificación final	<p>Cálculo para obter a cualificación final de curso:</p> <p>ESO:</p> <p>1- A nota final do curso resultará da media das notas obtidas nas tres avaliacións. Para aprobar a materia deberá obterse unha cualificación mínima de 5 puntos.</p> <p>2- No caso de que o alumno non acade o cinco na media feita coas notas das tres avaliacións, poderá recuperar a materia nunha proba realizada no periodo comprendido entre o 9 de xuño e final de curso, na que se avaliarán os estándares correspondentes ás avaliacións que teña suspensas.</p> <p>1º BAC:</p> <p>1- A nota final do curso resultará da media das notas obtidas nas tres avaliacións. Para aprobar a materia deberá obterse unha cualificación mínima de 5 puntos.</p> <p>2- No caso de que o alumno non acade o cinco na media feita coas notas das tres avaliacións, poderá recuperar a materia nunha proba previa á avaliación ordinaria, na que se avaliarán os estándares correspondentes ás avaliacións que teña suspensas.</p> <p>2º BAC:</p>

	<ol style="list-style-type: none"> A nota final do curso resultará da media das notas obtidas nas tres avaliacións. Para aprobar a materia deberá obterse unha cualificación mínima de 5 puntos. O alumnado que non acade o cinco na media feita coas notas obtidas nas tres avaliacións, poderá recuperar a materia nunha proba final no mes de maio, en data marcada pola Xefatura de Estudos, na que se avaliarán os estándares traballados nos tres trimestres.
<p align="center">Proba extraordinaria para BAC</p>	<p>Consistente en:</p> <p>1º BAC:</p> <ol style="list-style-type: none"> Farase unha única proba extraordinaria escrita a finais de xuño, en calendario fixado pola xefatura de estudos, a partir dos estándares avaliados durante o curso. Para aprobar a materia o alumno deberá obter unha cualificación, como mínimo, de 5 sobre 10. O exame será elaborado polo profesorado que impartiu clase neses grupos que decidirá o número de preguntas e a valoración de cada unha delas. <p>2º BAC:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A proba extraordinaria de finais de xuño, seguirá o modelo da ABAU, e cualificarase con dez puntos. A nota será a obtida na proba.
<p align="center">Alumnado de materia pendente</p>	<p>Cálculo para obter a cualificación final de materia pendente e procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Seguiranse os procedementos e instrumentos de avaliación refictidos na programación didáctica do departamento de Lingua castelá e literatura, entregada a principio de curso.</p> <p>O seguimento dos alumnos coa materia pendente de cursos anteriores farase a través de traballos puntuais para os alumnos de cada nivel, marcados polo profesor correspondente, se este o considera oportuno; ademáis faranse avaliacións parciais por trimestres (un exame cada trimestre) e un exame final, no mes de maio, en caso de que o alumno non supere as avaliacións trimestrais.</p> <p>Neste exame do mes de maio farase unha proba escrita, en data marcada pola xefatura de estudos, a partir dos estándares avaliados durante o curso.</p> <p>A cualificación final elaborase coa media das tres avaliacións, para os alumnos que as superen durante o curso, e coa nota da proba final de maio, para os alumnos que a teñan que realizar.</p>

2.1. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre

**a 3º avaliación e a avaliación final na ESO
(apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría)**

Metodoloxía	Explicacións, actividades de repaso individuais e en grupo colaborativo, resolución de dúbidas, elaboración de resumos e esquemas, tanto dos temas de literatura como de aspectos gramaticais, exercicios variados de repaso similares ós traballados durante o curso, comentarios de texto, actividades de expresión e comprensión escrita...
Actividades tipo	<p>- <u>Para aquel alumnado suspenso</u> faranse actividades de apoio, reforzo e recuperación dos contidos traballados durante o curso que non teñan superados.</p> <p>- <u>En canto ó alumnado que xa ten superada a materia</u> faranse actividades de repaso e ampliación.</p> <p>- <u>Probas</u>: Durante este período celebraranse as probas de recuperación para aquel alumnado que non obtivese o aprobado (nota igual ou superior a 5) na media das tres avaliacións.</p>
Materiais e recursos	Libro de texto (Edixgal ou VICENS VIVES), materiais elaborados polo profesor, apuntes traballados durante o curso, resumos e esquemas, tanto dos temas de literatura como de aspectos gramaticais, boletíns de exercicios, textos literarios, recursos TIC (Aula virtual, Edixgal...)

**2.2. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 1º BAC
(Preparación probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría)**

Metodoloxía	Explicacións, actividades de repaso individuais e en grupo colaborativo, resolución de dúbidas, elaboración de resumos e esquemas, tanto dos temas de literatura como de aspectos gramaticais, exercicios variados de repaso similares ós traballados durante o curso, comentarios de texto, boletíns de exercicios, actividades de expresión e comprensión escrita...
Actividades tipo	<p><u>Para aquel alumnado suspenso</u> faranse actividades de apoio, reforzo e recuperación dos contidos traballados durante o curso que non teñan superados.</p> <p><u>En canto ó alumnado que xa ten superada a materia</u> faranse actividades de repaso e ampliación.</p>
Materiais e recursos	Libro de texto (VICENS VIVES), materiais elaborados polo profesor, apuntes traballados durante o curso, resumos e esquemas tanto dos temas de literatura como de aspectos gramaticais, textos literarios, recursos TIC ...

**2.3. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º BAC
(Preparación probas extraordinarias e avaliación de acceso á universidade)**

Metodoloxía	Explicacións, actividades de repaso, resolución de dúbidas, elaboración de resumos e esquemas tanto dos temas de literatura como de aspectos gramaticais, exercicios variados de repaso similares ós traballados durante o curso e seguindo sempre o modelo de exame proposto pola GIUGA.
Actividades tipo	Preparación das probas extraordinarias: Actividades de apoio, reforzo e recuperación dos contidos traballados durante o curso que non teñan superados.

	Preparación das probas de acceso á universidade: Realización de actividades seguindo o modelo dos exames de ABAU propostos pola CIUGA.
Materiais e recursos	Materiais elaborados polo profesor, apuntes traballados durante o curso, resumos e esquemas tanto dos temas de literatura como de aspectos gramaticais, textos literarios, modelos de exame da CIUGA...

En Foz, 20 de abril de 2022